

# TEMA 11

## II A CANTIGA DE AMOR

### 2. A CANTIGA DE AMOR

-Xénero da lírica medieval no un home (o trobador) se dirixe a unha dama, expresando o seu amor cara a ela (contrario á cantiga de amigo).

-**Voz poética:** home (trobador)

-**Relación feudal de vasalaxe** (vasalo=trobador; señor= dama)

-**Senhor:** dama obxecto dos requerimentos amorosos

-Asociada ao refinamento e habilidade literaria (medio aristocrático)

-Orixes: a **cançó occitana** + influencia **da lírica autóctona pre-trobadoresca**= fórmula poética orixinal

#### 2.1.O código do amor cortés

-**Código do amor cortes ou da fin'amors:** revolución nos costumes amorosos e na linguaxe da poesía erótica. **Idealización** do amor e **formulario** para a vivencia e expresión **do amor refinado**.

-Os seus motivos ideolóxicos:

-**feudalismo:** vasalo / senhor (**pacto de vasalaxe amorosa**) =servizo e lealdade por parte do namorado; aceptación, atencións e defensa por parte da dama). Condición **nobre**.

-**crisitanismo:** imaxe feminina próxima á da **Virxe (virtudes)**. Divinización da muller.

-**neo-platonismo:** amor camiño de **elevación moral**, dura aprendizaxe.

#### 2.2.Temas

a) **eloxio da dama** (virtudes e calidades no seu grao máximo): muller non real, idealizada.

b) **declaración de amor do poeta:** fórmulas estereotipadas

c) **amor non correspondido:** *senhor* inaccesíbel para o poeta

d) **coita de amor:** loucura ou morte (tópico)

#### 2.3.A forma da cantiga de amor

-Xorde da combinación de elementos propios da **cançó provenzal** e outros **da poesía popular autóctona**.

-Máis composicións de **mestría, sen refrán**.

-**Maior número de versos** por estrofa.

-**Versos** que acostuman ser **octosílabos e decasílabos**

-Algún **paralelismo imperfecto e ausencia de leixaprén**.

**CLASIFICACIÓN:** atendendo á presenza ou ausencia de refrán.

- **Cantigas de mestría:** de influencia culta provenzal, con máis artificios e máis metros.

Adoitan ter 3 ou 4 estrofas de 6 ou 7 versos cada unha.

- **Cantigas de refrán:** influenciadas pola lírica tradicional, están máis próximas ás cantigas de amigo.

**RECURSOS FORMAIS:** a cantiga de amor é máis complexa cá de amigo:

.- **Dobre:** repetición dunha mesma palabra na mesma posición nun verso dentro da mesma cobra.

.- **Mordobres:** repítese o lexema dunha palabra dentro da mesma posición da mesma cobra.

.- **Atafiínda:** unión entre estrofas, unha continúa na seguinte.

.- **Fiínda:** conxunto dun ou máis versos que nas cantigas de refrán están situados ao final da cantiga, xusto logo do refrán, e que actúan a modo dunha conclusión ou remate..

**A COBRA OU ESTROFA:**

.- **Cobras unisonantes:** repiten a mesma distribución da rima en todas as cobras.

.- **Cobras singulares:** cambian de rima dunha cobra a outra.

.- **Cobras doblos:** cambio de rima de dúas en dúas.

.- **Cobras alternas:** riman as pares coas pares e as impares coas impares.

Lembrede que **o cómputo silábico realízase ata a última sílaba tónica do verso**.

**A Rima:** esquema (ABBA, ABAB), pode ser:

- segundo o acento: **macho** (palabra aguda) / **femia** (palabra grave), se queda libre chámase “**palavra perdida**”.

- segundo a repetición da sílaba final: **asonante** – **consoante**.